


Universidade de Vigo

Normativa para a elección de membros da Xunta de Escola

da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado pola Comisión Electoral o día 20 de decembro de 2021



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia:
Documento: Normativa eleccións XE
Data: 20/12/2021
Páxinas: 8

Índice

1. DISPOSICIÓN XERAIS	3
2. CONVOCATORIA	4
3. CENSOS ELECTORAIS	5
4. ELECTORES/AS E ELIXIBLES	5
5. CANDIDATURAS	6
6. CAMPAÑA ELECTORAL	6
7. MESAS ELECTORAIS	7
8. ESCRUTINIO	8
9. PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS E CANDIDATAS	8
10. DISPOSICIÓN FINAL	8

1. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

A elección de membros da xunta de escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo rexeráse polos Estatutos da Universidade de Vigo, polas normas contidas na presente normativa e, suplementariamente, pola normativa para elixir membros das xuntas de centro.

Artigo 2.

1. De acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo, a xunta de escola é o órgano colexiado de representación e decisión da escola. Está composta polo decano/a ou director/a que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos ao centro:
 - a) O equipo decanal ou directivo.
 - b) Todo o profesorado con vinculación permanente á universidade e que imparta docencia no centro constituirá o 51 % da xunta de escola. O profesorado que a dispense en máis dun centro será elector/a da xunta de escola do centro onde imparta máis créditos de docencia, e terá que optar por un deles quen teña a mesma carga docente en varios centros.
 - c) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á universidade, que corresponderá ao 10 % da xunta de escola. En calquera caso, polo menos o 80 % pertencerá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
 - d) Unha representación do estudantado, que constituirá o 29 % da xunta de centro, do cal unha sexta parte será estudantado do terceiro ciclo. No caso de que o número de candidatos e candidatas de 3.º ciclo non permita cubrir a súa porcentaxe, a diferenza acumularase na porcentaxe de 1.º e 2.º ciclo.
 - e) Unha representación do persoal de administración e servizos, que constituirá o 10 % da composición total da xunta de escola
2. Considerarase profesorado adscrito ao centro o que imparta docencia nel. O profesorado que a dispense en máis dun centro será elector/a da xunta de escola do centro onde imparta máis créditos de docencia, e terá que optar por un deles quen teña a mesma carga docente en varios centros.

Artigo 3.

1. A elección será por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, e non se admitirá a delegación do voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
2. A xunta electoral da escola dará a coñecer o número de membros elixidos nos distintos sectores xunto coa publicación do censo definitivo.
3. Cada elector/a só lle poderá dar o seu voto, como máximo, a un número de candidatos e candidatas equivalente ao 70 %, ou enteiro máis próximo, do número dos que deben ser elixidos polo seu sector.
4. Para os efectos de promover a paridade entre xéneros na xunta de escola, cada elector ou electora votará como máximo o 60 % das candidaturas dun dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior.
5. Os candidatos e candidatas que obteñan maior número de votos proclamaranse electos ata completar os/as representantes de cada sector. Nos casos de empate daráselle preferencia á candidatura do xénero menos representado na xunta de escola. Se este procedemento non resolve o empate, proclamarase o candidato/a de máis antigüidade na Universidade de Vigo e se lle computará a antigüidade na Universidade de Santiago de Compostela, anterior á segregación. No caso de igualdade proclamarase o candidato/a de maior idade.

6. Os candidatos/as restantes quedarán como suplentes para cubrir futuras baixas dos candidatos/as electos/as.
7. Os membros electos da xunta de escola renovaranse cada dous anos.

Artigo 4.

1. A xunta electoral da escola é o órgano competente para resolver as cuestións que se deriven das eleccións ás que se refire esta normativa.
2. A xunta electoral da escola estará integrada por:
 - a) O director ou directora, que a preside.
 - b) O secretario ou secretaria, que será o seu secretario ou secretaria.
 - c) Un membro do persoal docente e investigador, un membro do persoal de administración e servizos e un/unha estudante designados por sorteo público, así como as persoas suplentes.
3. A condición de membro da xunta electoral da escola é compatible coa de candidato/a.
4. Por razóns de urxencia, o presidente/a da xunta electoral poderá convocar os seus membros, mesmo por correo electrónico, con vinte e catro horas de antelación, e expresarlles os asuntos ou as incidencias que se van tratar.

2. CONVOCATORIA

Artigo 5.

1. O director ou directora convocará eleccións unha vez que a xunta electoral aprrobe o calendario, e publicarase no taboleiro electoral do centro.
2. A convocatoria de eleccións conterá:
 - Data de exposición de censos provisionais
 - Prazo de reclamacións aos censos provisionais
 - Prazo de presentación de candidaturas
 - Data de proclamación provisional de candidatos e candidatas
 - Prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas
 - Data de proclamación definitiva de candidatos e candidatas
 - Período da campaña electoral
 - Data da votación
 - Lugar onde se poderá votar
 - Horario de votación
 - Data da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos/as
 - Prazo de reclamacións á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos/as
 - Data da proclamación definitiva de representantes electos

3. CENSOS ELECTORAIS

Artigo 6.

1. O censo electoral de cada sector será único e estará exposto no taboleiro electoral do centro. O prazo de reclamacións ao censo non será inferior a cinco días naturais a partir da data en que se publique.
2. As reclamacións ao censo formularanse perante a xunta electoral mediante un escrito razoado dirixido á súa presidencia.
3. As resolucións da xunta electoral sobre estas reclamacións publicaranse nos taboleiros electorais.
4. Unha vez rematado o período de reclamacións, a xunta electoral elevará a definitivo cada censo electoral.
5. Os censos electorais definitivos publicaranse cunha antelación mínima de dez días hábiles antes da data das eleccións.

4. ELECTORES/AS E ELIXIBLES

Artigo 7.

1. Son electores as persoas que figuran no censo electoral de cada centro e sector.
2. Para ser incluído como elector ou electora no respectivo censo deberase:
 - a) Impartir docencia no centro, de xeito que o profesorado que imparta docencia en máis dun centro será elector/a da xunta de centro no que imparta máis créditos de docencia, tendo que optar por un deles quen teña a mesma carga docente en varios centros.
 - b) Ser persoal investigador adscrito/a a un departamento con docencia no centro e desenvolver maioritariamente o seu labor investigador no devandito centro.
 - c) Estar matriculado/a nalgunha titulación do centro como estudante de 1.^o ou 2.^o ciclo.
 - d) Estar realizando o proxecto de fin de grao ou mestrado, o que dará lugar á consideración de estudante de primeiro ou segundo ciclo, respectivamente.
 - e) Estar matriculado/a nun programa de doutoramento.
 - f) Ser membro do persoal de administración e servizos asignado ao ámbito. Os membros do PAS adscritos/as a unidades administrativas que prestan servizo a varios centros e departamentos poderán optar a ser elixidos/as como representantes do seu sector en calquera das xuntas dos centros aos que a súa unidade administrativa dea servizo.
 - g) Ser membro do persoal de administración e servizos adscrito aos departamentos con sede no centro.

Artigo 8.

Son elixibles os electores e electoras que reúnan os seguintes requisitos:

1. Presentar a súa candidatura conforme o disposto nesta normativa.
2. Ser proclamado candidato ou candidata pola xunta electoral da escola de forma definitiva.

5. CANDIDATURAS

Artigo 9.

1. Poderán presentar a súa candidatura as persoas que teñan a condición de elixibles por figurar no censo correspondente.
2. A solicitude de proclamación de candidato ou candidata presentárase no rexistro do centro respectivo mediante un escrito dirixido á presidencia da xunta electoral, no prazo que se fixe na convocatoria electoral, o cal non poderá ser inferior a cinco días naturais.
3. O escrito irá asinado polo candidato ou candidata, e conterá:
 - a) Nome, apelidos e fotocopia do DNI. No caso de que a candidatura a presente outra persoa, esta terá que identificarse e presentar tamén unha fotocopia do seu DNI.
 - b) Sector electoral polo que presenta a súa candidatura.
 - c) Ciclo que corresponda.
 - d) Teléfono e enderezo electrónico.
4. As candidaturas serán individuais para os efectos de votación e escrutinio.
5. Os candidatos e candidatas poderanse agrupar co único obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, achegarase á solicitude de cada un deles a denominación, sigla ou símbolo que identifique o seu agrupamento.

Artigo 10.

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral efectuará a proclamación provisoria de candidatos e candidatas, que se publicará no taboleiro electoral do centro.

Artigo 11.

No prazo de tres días hábiles a partir da proclamación provisoria de candidatos e candidatas presentáranse, diante da xunta electoral, as reclamacións sobre posibles exclusións de proclamacións ou corrección de erros e defectos.

Artigo 12.

1. Tras rematar o prazo de reclamacións, a xunta electoral proclamará as candidaturas definitivas, que se publicarán no taboleiro electoral do centro.
2. Se o número de candidatos e candidatas nalgún sector non supera o número de postos que se deben cubrir, a xunta electoral poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector.

6. CAMPAÑA ELECTORAL

Artigo 13.

1. Os candidatos e candidatas proclamados poderán desenvolver toda clase de actividades de propaganda electoral conducentes á captación de sufraxios. O equipo directivo dará para iso as facilidades pertinentes sen que supoña a suspensión das actividades ordinarias do centro.
2. A campaña electoral terá unha duración de tres días hábiles e comezará o día seguinte á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas.

7. MESAS ELECTORAIS

Artigo 14.

1. A mesa electoral estará composta por un membro de cada un dos catro sectores electorais (profesorado doutor con vinculación permanente, outro persoal docente e investigador, estudantes e persoal de administración e servizos), designados/as por sorteo entre os que figuran no censo electoral respectivo.
2. A xunta electoral do centro determinará, se procede, a actuación de máis dunha mesa electoral.
3. Cada membro da mesa terá o seu/súa suplente, designado/a do mesmo xeito ca o/a titular.
4. A presidencia corresponderalle ao sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
5. Quedan excluídos/as de formar parte da mesa electoral os membros da xunta electoral do centro.
6. A xunta electoral nomeará os membros das mesas electorais e notificaralles individualmente a súa designación. A composición das mesas electorais publicárase no centro.
7. O cargo de membro dunha mesa electoral é obrigatorio para as persoas nomeadas. A xunta electoral considerará as causas xustificadas que impidan o seu exercicio.
8. A condición de candidata ou candidato proclamado é incompatible coa de membro da mesa electoral.
9. O horario da votación será o establecido na convocatoria electoral. No día da votación presentaranse á hora sinalada na convocatoria todos os seus membros titulares e suplentes, e quedará validamente constituída a mesa electoral cun membro de cada sector. No caso de que non houberse un número suficiente de membros para constituír a mesa, tal circunstancia comunicárase á xunta electoral, quen designará de inmediato os membros necesarios polo sistema que considere máis oportuno. Durante a xornada electoral estarán presentes polo menos dous membros da mesa.
10. A presidencia da mesa electoral redactará a acta de constitución antes de comezar as votacións e asinarán todos os seus membros.

Artigo 15.

1. A xunta electoral elaborará as papeletas de votación. Os nomes das candidatas e candidatos proclamados/as figurarán na papeleta por orde alfabética, tras o sorteo por parte da xunta electoral da letra pola que debe comezar a relación de candidatos e candidatas.
2. O nome de cada candidato e candidata irá precedido dun recadro onde cada elector ou electora sinalará o candidato/a ou candidatos/as aos que outorgue o seu voto, co límite que se sinala no artigo 3 desta normativa. Ao lado do nome do candidato ou candidata figurará a marca de identificación do agrupamento, de solicitalo así ao formalizar a súa inscrición.

Artigo 16.

1. O elector ou electora identificarase perante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento acreditativo da identidade normativo da Universidade de Vigo.
2. A mesa comprobará que estea incluído no censo electoral e, a continuación, admitirá o seu voto na urna.
3. Os membros da mesa votarán en derradeiro lugar.

8. ESCRUTINIO

Artigo 17.

1. Tras rematar a votación, a presidencia da mesa declarará iniciado o acto de escrutinio, que será público.
2. A mesa electoral redactará a correspondente acta de cada sector por duplicado, na cal detallará os votos válidos, nulos e en branco.
3. Consideraranse nulas as papeletas sinaladas cun maior número de candidatos e candidatas dos que lle corresponda votar a cada elector ou electora, conforme o establecido no artigo 3.3 desta normativa. Tamén serán nulas as papeletas non conformes ao establecido no artigo 3.4 desta normativa.
4. Para cada sector electoral constarán por separado as alegacións, se é o caso, e engadiranse á acta.
5. Os membros da mesa asinarán cada acta e unha delas publicaranse no taboleiro electoral.
6. Unha vez rematado o escrutinio, a presidencia da mesa remitiralle á presidencia da xunta electoral, antes das 10.00 horas do día seguinte, a acta deste.

9. PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS E CANDIDATAS

Artigo 18.

A xunta electoral da escola, tras recibir as actas da mesa electoral, realizará a proclamación provisional de candidatas e candidatos electos/as, e abrirase un prazo de tres días hábiles para presentar reclamacións, que se realizarán por escrito diante desta.

Artigo 19.

1. Nun prazo de dous días hábiles a xunta electoral da escola deberá resolver as reclamacións presentadas e proclamará definitivamente os candidatos e candidatas que resultaron elixidos/as como membros da xunta de escola.
2. O secretario ou secretaria da xunta electoral será o depositario de toda a documentación relativa a estas eleccións.
3. A xunta electoral, a través da presidencia, comunicarlle á Secretaría Xeral da universidade o resultado definitivo das eleccións.

10. DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor o día seguinte de aprobala a comisión electoral.